



## Concello de Bueu

RF: PLN/2020/7-(SESIÓN ORDINARIA MES XULLO 2020)

### ANUNCIO

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2020/7	PLENO
<b>DATOS DA CONVOCATORIA</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria (sesión pública)
<b>Data e hora</b>	1ª convocatoria: 06 de Xullo de 2020 ás 21:00 2ª convocatoria: 06 de Xullo de 2020 ás 21:30
<b>Lugar</b>	<b><u>Salón de actos do Centro Social do Mar. Bueu</u></b> <i>A xustificación da celebración da sesión ordinaria do Pleno fora da casa consistorial é a necesidade de garantir o cumprimento das medidas de seguridade por mor do COVID19.</i>  <b>Non admite participación a distancia</b>
<b>ASUNTOS DA CONVOCATORIA</b>	
<b>A) PARTE RESOLUTIVA</b>	
<b>A.1.1.-</b> Aprobación da acta da sesión anterior (núm. 2020-0005, ordinaria do 01.06.20).	
<b>A.1.2.-</b> Aprobación da acta da sesión anterior (núm. 2020-0006, extraordinaria do 16.06.20).	
<b>B) ACTIVIDADE DE CONTROL</b>	
<b>B.1.-</b> Dación de conta das resolucións de alcaldía ditadas dende a derradeira sesión ordinaria do Pleno.	
<b>B.2.-</b> Dación de conta dos reparos de legalidade formulados pola intervención municipal dende a derradeira sesión ordinaria.	
<b>C) ROGOS E PREGUNTAS</b>	

Na celebración da sesión plenaria se permitirá a asistencia de público ata un número tal de asistentes que permita o cumprimento de medidas de distanciamento impostas pola autoridade sanitaria e concretamente as que resultan do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño e da RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da

**Concello de Bueu**

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 9QXV6ERQWGR6N74ANRW7CZ3S | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello de Bueu

RF: PLN/2020/7-(SESIÓN ORDINARIA MES XULLO 2020)

Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade publicada no DOG núm. 115 de 13.6.2020, modificada pola RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade publicada no DOG. Núm. 126 de 27.6.2020.

O público asistente á sesión deberá cumprir, en todo momento, as medidas de distanciamento e seguridade impostas pola autoridade sanitaria competente e polo concello de Bueu e especialmente as seguintes:

- 1º.- Cumprir coas distancias de seguridade (mantemento da distancia interpersoal en todo momento)
- 2º.- Evitar cruces cando se faga uso de pasos ou vías estreitas onde non se poida gardar as medidas de seguridade, de ser o caso,
- 3º.- Deberán acudir provistos de mascarilla e realizar a hixiene de mans obrigatoria á entrada e saída do salón de actos facendo uso dos produtos de limpeza de mans (xel hidroalcohólico) situados en zonas comúns do Centro social do Mar
- 4º.- Seguir, en todo momento, as indicacións do concello contidas nos carteis informativos.
- 5º.- Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles con COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos non debe acudir á celebración da sesión.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE



Cod. Validación: 9QXW6ERQWGR6N74ANRW7CZ3S | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029.